



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BANDO

JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO **ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES**

O día 6 de outubro de 2022 asinouse a acta de inicio dos traballos de execución das bases de reestruturación parcelaria da zona de San Xulián de Poulo (Ordes-A Coruña).

De conformidade co establecido non art. 15.2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, **convócase XUNTA DE TITULARES** a efectos de que procedan á elección dos seus representantes e suplentes na xunta local da zona e non grupo auxiliar de traballo, procurando que estean representadas todas as entidades de poboación incluídas dentro do perímetro de reestruturación.

Son membros da Xunta de Titulares:

- a) A totalidade das persoas titulares dun dereito de propiedade ou de uso e goce de carácter agrario de terras afectadas polo proceso de reestruturación.
- b) As persoas titulares de explotacións agrarias con terras afectadas polo proceso de reestruturación.

Lugar, día e hora da reunión: Local social de Poulo (A Senra), 4 de novembro de 2022, 11:00 horas.

O que se fai público para xeral coñecemento de todos interesados afectados polo procedemento de reestruturación parcelaria da zona de San Xulián de Poulo (Ordes-A Coruña).

Ordes, 7 de outubro de 2022

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)